

Todas as actividades comezan ás 15:30 e rematan ás 17:00 h.

Haberá servizo de comedor e transporte para o alumnado inscrito. As actividades terán lugar sempre que exista un número mínimo de inscritos. Pecharemos as inscricións en canto se cubran os grupos, así que non vos demoredes.

As baixas serán comunicadas por escrito na secretaría do centro ou por e-mail ao seguinte enderezo:
info@colexiomartincodax.com



*Colexio
Martín Códax*

**Actividades
extraescolares
2024-25**

Do 1 de outubro de 2024 ao 31 de maio de 2025

MÚSICA TRADICIONAL

Un xeito divertido de iniciarse no mundo da música tradicional galega. Teñas ou non teñas gaita, non importa, fala con Rafa.

Luns. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

TEATRO

Queres escribir, dirixir ou actuar en obras de teatro? Queres ser un parrulo, ou un cisne, unha bruxa ou un ogro, o lobo ou carapuchiña? Queres voar, patinar, tropezar, saltar, danzar, tremer, rir, patear, soñar, esvarar, chorar, conducir, navegar ou repear? Apúntate a teatro! Divertirémonos!

Luns: 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria.

Martes: de 4º de Ed. Primaria a 2º de ESO.

Prezo: 24€

OBRADOIRO DE MANUALIDADES

Julie será a encargada desta actividade, onde traballaremos con la, follas e flores secas, faranse monicreques, xoguetes de papel maché, pintarase sobre tea, e moitas cousas máis.

E todo isto mellorando un pouco o noso inglés.

Luns. 2º e 3º Ed. Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 28€

ROBÓTICA

Queres facer realidade os teus proxectos de robotica, aprendendo a deseñar, construír e programar os teus propios robots? Esta é a túa oportunidade!

Grupo 1 (luns): de 1º a 4º de ESO.

Grupo 2 (martes): 3º a 6º de Ed. Primaria

Grupo 3 (xoves): 3º a 6º de Ed. Primaria

Prezo: 34 € (inclúe todo o material)

ORATORIA

A arte do discurso e da persuasión: un achegamento ás técnicas que permitirán un maior dominio das estratexias de comunicación pública.

Xoves. 3º e 4º de ESO.

Venres. 1º e 2º de ESO.

Prezo: 24€

JUDO

Actividade impartida polo Club FAMU, representado na figura do adestrador nacional e cinto negro 4º dan, Marcial Romero Azpiarte.

Nesta arte marcial combínanse o deporte, a formación e a defensa persoal. Mellorar a formación humana, a confianza nun mesmo, vencer a timidez e canalizar a agresividade son tamén obxectivos desta actividade. O alumnado participante terá licenza federativa (custo anual da mesma: 25€)

Mércores: 2º e 3º de Ed. Infantil e 1º de Ed. Primaria.

Xoves: 5º e 6º de primaria e toda a ESO.

Venres: 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

RÍTMICA

Nesta actividade aprenderás os fundamentos deste deporte. Fomentarás o desenvolvemento corporal e creativo, traballando a coordinación e a flexibilidade, o ritmo e a integración dentro do grupo.

Os grupos serán dun máximo de 20 persoas.

Luns: 5º e 6º de primaria e ESO

Mércores: 1º a 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

BALONCESTO

Se queredes chegar a xogar ao baloncesto tan ben coma os maiores, esta é a vosa actividade.

Venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

FÚTBOL

Gústache o fútbol?

Queres xogar dominando a súa técnica e as súas regras? Esta é a ocasión!

Luns. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

OBRADOIRO DE COCIÑA

Hoxe cociñamos nós! Aprenderemos o fácil e divertido que é facer os pratos máis saborosos.

Nova cociña, pratos de toda a vida, consellos e todas as preguntas que se vos ocorran.

Imos divertirmos cociñando!

Xoves: 1º de Ed. Primaria a 4º de ESO.

Prezo: 28€

PATINAXE

Queredes ser artistas sobre rodas?

Nesta actividade seremos capaces de xirar, bailar, saltar...

Esta é a vosa oportunidade!

Mércores: 1º a 4º de Ed. Primaria.

Xoves: 5º Ed. Primaria ata 4º da ESO

Prezo: 24€

XADREZ

Oe! Tes uns minutos? Neste tempo demostráremosche que o xadrez é fácil de aprender, ensinándoches as regras básicas, como se orixinou, o lugar da batalla, as forzas combatentes, movementos e capturas, defensa e ataque, xogadas especiais, celadas...

Martes. A partir de 2º de Ed. Primaria

Prezo: 24€